

Cantares gallegos: “**Dedicatoria e prólogo**”

(...) Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo en fin que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, que chegase a conmoverme, todo isto me atrevín a cantar neste homilde libro pra desir unha vez siquera, e anque sea torpemente, aos que sen razón nin coñecemento algún nos desprezan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias, cunha risa de mofa, que a desir verdade (por máis que esta sea dura) demostra a iñorancia máis crasa e a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia irmán por probe que esta sea. Mais é aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsedade con que fóra de aquí pintan así os fillos de Galicia, como a Galicia mesma, a quen xeneralmente xuzgan o máis desprezable e feo de España, cando acaso sea o máis hermoso e dino de alabanza. (...)

Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, vales, montañas, ceos azues e serenos como os de Italia, horizontes nubrados e malencónicos anque sempre hermosos como os tan alabados da Suíza, ribeiras apacibles e sereniñas, cabos tempestuosos que aterran e admiran pola súa xigantesca e xorda cólera... mares imensos... que direi máis? Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en tódalas estacións de herbiñas e de frores, os montes cheos de pinos, de robres e salgueiros, os lixeiros ventos que pasan, as fontes e os torrentes derramándose fervedores e cristaíños, vran e inverno, xa polos risoños campos, xa en profundas e sombrisas ondanadas... Galicia é sempre un xardín onde se respiran aromas puros, frescura e poesía... E a pesar desto chega a tanto a fatuidade dos iñorantes, a tanto a indina preocupación que contra a nosa terra existe, que inda os mesmos que poideron contemplar tanta hermosura (xa non falamos dos que se bulran de nós sen que xamais nos visen nin aínda de lonxe, que son os máis), inda os que penetraron en Galicia e gozaron das delicias que ofrece, atrevéronse a decir que Galicia era... un cortello inmundo!!... E estes eran quisais fillos daquelas terras abrasadas de onde hastra os paxariños foxen!... Que diremos a isto? Nada máis senón que taes fatuidades, respecto do noso país, teñen algunha comparanza cas dos franceses ao falar das súas eternas vitorias ganadas aos españoles. España, nunca, nunca os venceu, polo contrario sempre saleu vencida, derrotada, homillada; e o máis triste desto é que *vale* antre eles tan infame mentira, así como *vale* pra a seca Castilla, pra a deserta Mancha e pra tódalas demais provincias de España, —ningunha comparada en verdadeira beleza de paisaxe coa nosa— que Galicia é o rincón máis desprezable da terra. Ben din que todo neste mundo está compensado, e ven así a sufrir España dunha nación veciña que sempre a ofendeu a mesma inxusticia que ela, inda máis culpable, comete cunha provincia homillada de quen nunca se acorda, como non sea pra homillala inda máis. Moito sinto as inxusticias con que nos favorecen os franceses, pro neste momento case lles estou agradecida, pois que me proporcionan un medio de facerlle máis palpable a España a inxusticia que ela á súa vez conosco comete. (...)

Follas novas: “Dúas palabras da autora”

(...) Escritos no deserto de Castilla, pensados e sentidos nas soidades da natureza e do meu corazón, fillos cativos das horas de enfermidade e de ausencias, refrexan quisais con demasiada sinceridade, o estado do meu espírito unhas veces, outras a miña natural disposición (que n' en balde son muller) a sentir como propias as penas alleas. (...)

Por outra parte, Galicia era nos *Cantares* o obxecto, a alma enteira, mentres que neste meu libro de hoxe, ás veces, tan soio a ocasión, anque sempre o fondo do cuadro: que se non pode senón ca morte, despirse o espírito das envolturas, da carne, menos pode o poeta prescindir do medio en que vive, e da natureza que o rodea; ser alleo ao seu tempo e deixar de reproducir hastra sen pensalo, a eterna e laiada queixa que hoxe eisalan tódolos labios. Por eso iñoro o que haxa no meu libro dos propios pesares, ou dos alleos, anque ben podo telos todos por meus, pois os acostumados á desgracia, chegan a contar por súas as que afrixen os demais. Tanto é así, que neste meu novo libro, preferín as composicións que puideran decirse personales a aquelas outras que, con máis ou menos acerto, expresan as tribulacións dos que, uns tras outros, e de distintos modos, vin durante largo tempo sufrir ao meu arredore. E sófrese tanto nesta querida terra gallega! Libros enteiros poideran escribirse falando do eterno infortunio que afrixe os nosos aldeáns e mariñeiros, soia e verdadeira xente do traballo no noso país. Vin e sentín as súas penas como se fosen miñas, mais o que me conmoveu sempre, e polo tanto non podía deixar de ter un eco na miña poesía, foron as innumerables coitas das nosas mulleres: criaturas amantes para os seus e os estraños, cheas de sentimento, tan esforzadas de corpo como brandas de corazón e tamén tan desdichadas que se dixeran nadas solasmentes para rexeitar cantas fatigas poidan afrixir, a parte máis frouxa e inxel da humanidade. No campo compartindo metade por metade cos seus homes as rudas faenas, na casa soportando valerosamente as ansias da maternidade, os traballos domésticos e as arideces da probeza. Soias o máis do tempo, tendo que traballar de sol a sol, e sen axuda pra mal manterse, pra manter os seus fillos, e quisais o pai valetudinario, parecen condenadas a non atoparen nunca repouso se non na tomba.

A emigración e o Rei arrebatánlles decontino o amante, o irmán, o seu home, sostén da familia decote numerosa, e así, abandonadas, chorando o seu desamparo, pasan a amarga vida antre as incertidumbres da esperanza, a negrura da soidade e as angustias dunha perene miseria. E o máis desconsolador para elas é que os seus homes vanse indo todos, uns porque llos levan, e outros porque o exemplo, as necesidades, ás veces unha cobiza, anque disculpabre, cega, fanos fuxir do lar querido, daquela a quen amaron, da esposa xa nai, e dos numerosos fillos, tan pequeniños que inda n'acertan a adiviñar, os desdichados, a orfandade á que os condenan.

Cando nas súas confianza, estas probes mártires se atreven a decirnos os seus sacretos, a chorar os seus amores sempre vivos, a doerse das súas penas, descríbese nelas tal delicadeza de sentimentos, tan grandes tesouros de ternura (que a inteireza do seu carácter n'é bastante a mermar), unha abnegación tan grande, que sen querer sentímonos inferiores a aquelas obscuras e valerosas heroínas, que viven e morren levando a cabo feitos maravillosos por sempre iñorados, pero cheos de milagres de amor e de abismos de perdón. Historias dinas de ser cantadas por mellores poetas do que eu son, e cuíais santas harmonías deberan ser espresadas cunha soia nota e nunha soia corda, na corda do subprime, e na nota da delor. Anque sen forzas pra tanto, tentei algo deso, sobre todo no libro titulado *As viudas dos vivos e as viudas dos mortos*, mais eu mesma conoso que non acertei a decir as cousas que era menester. As miñas forzas son cativas, quereas maiores de quen haxa de cantarnos con toda a súa verdade e poesía,

tan sencilla como dolorosa epopeia.

Crerán algúns que, porque como digo tentei falar das cousas que se poden chamar homildes, é por que me esprico na nosa lengoa. N'é por eso. As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estes versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles. O que quixen foi falar unha vez máis das cousas da nosa terra na nosa lengoa, e pagar en certo modo o aprecio e cariño que os *Cantares gallegos* despertaron nalgúns entusiastas. Un libro de trescentas páxinas escrito no doce *dialecto* do país era naquel estonces cousa nova, e pasaba polo mesmo todo atrevemento. Aceptárono e, o que é máis, aceptárono contentos, e eu comprendín que desde ese momento quedaba obrigada a que non fose o primeiro e o último. N'era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma levantara. (...)